

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

EXTRACTO da Resolución do 18 de maio de 2023 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas á dixitalización Industria 4.0 para o ano 2023, susceptibles de ser cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento IG300C).

BDNS (Identif.): 700187.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

As pequenas e medianas empresas (pemes), segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño), de calquera sector de actividade económica incluído no ámbito de aplicación do devandito regulamento, calquera que sexa a súa forma xurídica, incluíndo os empresarios autónomos e que teñan un centro de traballo en Galicia en que se vaia realizar o proxecto.

Segundo. *Obxecto*

As axudas concédense en réxime de concorrencia competitiva e teñen por obxecto a posta en marcha de proxectos de dixitalización cuxa finalidade sexa a implantación de solucións para o soporte dixital de procesos dunha empresa ou para proxectos de interconexión dixital de procesos entre unha peme galega e outras empresas, ou entre dúas ou máis empresas galegas, como poden ser ordes de fabricación distribuída, sistemas de facturación ou procesos entre un líder industrial cara ás pemes que conforman a súa cadea de valor.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 18 de maio de 2023 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas á dixitalización Industria 4.0



para o ano 2023, susceptibles de ser cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento IG300C).

Cuarto. *Importe*

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 05.A1.741.A.7700 e polos seguintes importes e distribución plurianual:

Proxectos tipo 1 (<50.000,00 €): 50.000,00 € con cargo ao ano 2023 e 1.450.000,00 € con cargo ao ano 2024.

Proxectos tipo 2 (entre 50.000,00 e 120.000,00 €): 25.000 € con cargo ao ano 2023 e 1.475.000,00 € con cargo ao ano 2024.

Proxectos tipo 3 (>120.000,00 €): 25.000,00 € con cargo ao ano 2023 e 1.975.000,00 € con cargo ao ano 2024.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e será dun mes, contado desde as 8.00 horas do día de inicio do prazo e ata as 14.00 horas do día en que se cumpra o devandito prazo dun mes.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2023

Patricia Villajos Grande
Xerente do Instituto Galego de Promoción Económica

